

Colaboración na Cabalgata de Reis 2026

1. Actividade

Acompañamento nas carrozas dos Reis Magos durante a Cabalgata de Reis 2026.

2. Prazas dispoñibles

- 20 prazas en total, repartidas entre as tres carrozas dos Reis Magos.
- A distribución das crianzas nas distintas carrozas será determinada pola organización.

3. Requisitos de participación

- Nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 10 anos (ambos inclusive).
- Terán prioridade aquelas crianzas empadroadas no Concello de Rianxo.

4. Inscripcións

- Prazo aberto ata o venres 2 de xaneiro ás 10:30 h.
- A través do formulario, habilitado en concelloderianxo.gal:
https://docs.google.com/forms/d/1KHTTxw2MfxYAYlLHd92su8yGzkJuGw_1YuifU-PT-tw

5. Sorteo

No caso de haber máis solicitudes ca prazas dispoñibles, realizarase un sorteo presencial.

- Lugar: Auditorio de Rianxo.
- Data: venres 2 de xaneiro, ás 12:00 h.

6. Normas de participación

- Os/as participantes deberán ir vestidos/as de paxes. No Auditorio dispónse de roupa de tallas variadas e complementos de paxes que se poñen á disposición dos participantes. Estes poderán recollerse o sábado ou o luns pola mañá, no horario do Auditorio.
- O horario será comunicado con antelación e deberá ser cumprido rigorosamente para garantir a boa organización da actividade.
- Os nenos e nenas deberán ir acompañados en todo momento dunha persoa adulta responsable (unha por crianza).
- No caso de non obter praza ou de non cumprir os requisitos de idade, poderase realizar igualmente a inscrición para participar na cabalgata acompañando o desfile a pé, con vestimenta de paxe ou doutro personaxe navideño.
- A participación nesta actividade implica a captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, "imaxes") da persoa participante na actividade, e a súa publicación a través dos medios de difusión corporativos das iniciativas e actividades

do Concello de Rianxo, tales como páxinas web, redes sociais, álbums, informes/documentos derivados da actividade e noutros medios de comunicación social.